



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 29 DE
NOVEMBRO DO 2021.**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e nove de novembro do dous mil vinte e un, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Victor Manuel Rodríguez López e D. Manuel Rodríguez Martínez.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 25 DE OUTUBRO DO 2021.

Sométese a votación a acta do pleno de 25 de outubro do 2021, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 20.10.2021 ao 23.11.2021.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 20.10.2021 e o 23.11.2021.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- ORZAMENTO XERAL DE 2022 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS: ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS, BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL, MASA SALARIAL DO PERSOAL.



SECRETARIA

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

“Formado o Orzamento Xeral deste Concello correspondente ao exercicio económico 2022, que inclúe o Orzamento do Concello e o do Instituto Municipal de Drogodependencias, así como, as súas Bases de Execución e o cadro de persoal comprensiva de todos os postos de traballo tanto funcionario coma laboral, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto e coñecido o contido do informe de Intervención que consta no expediente.

Visto o Informe de Intervención que consta no expediente.

Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2022, que cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, e a documentación anexa e complementaria que se une ó expediente, que ascende a **14.892.364,97 €**, xunto coas súas Bases de execución, consolidado co do Instituto Municipal de Drogodependencias, resumido por capítulos é o seguinte:*

GASTOS				
2022	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.643.549,83	275.287,05		4.918.836,88
CAPITULO II	8.232.849,87	24.650,00		8.257.499,87
CAPITULO III	9.000,00			9.000,00
CAPITULO IV	1.049.184,64		299.937,05	749.247,59
CAPITULO V	0,00			0,00
TOTAL	13.934.584,34	299.937,05	299.937,05	13.934.584,34
CAPITULO VI	871.100,00			871.100,00
CAPITULO VII	80.680,63			80.680,63
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	957.780,63	0,00	0,00	957.780,63
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	14.892.364,97	299.937,05	299.937,05	14.892.364,97

INGRESOS				
----------	--	--	--	--



SECRETARIA

2022	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	6.029.475,79			6.029.475,79
CAPITULO II	140.000,00			140.000,00
CAPITULO III	2.195.740,32			2.195.740,32
CAPITULO IV	6.471.931,05	299.937,05	299.937,05	6.471.931,05
CAPITULO V	49.217,81			49.217,81
TOTAL	14.886.364,97	299.937,05	299.937,05	14.886.364,97
CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	6.000,00	0,00	0,00	6.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	14.892.364,97	299.937,05	299.937,05	14.892.364,97

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual, segundo figura no expediente.

TERCEIRO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.122.906,94 €, e do I.M. de Drogodependencias 181.516,81 €.

QUINTO. Aprobar as Bases de execución e o anexo de subvencións que forman parte do expediente do orzamento.

SEXTO. Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2022, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días hábiles, computando o prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SÉTIMO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

OITAVO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, a través das plataformas habilitadas ó efecto.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria M^a Prada Rodríguez cmo xa é habitual dnde o ano 2025 se traen os orzamento sen tempo e forma isto demostra seriedade e boa xestión. Aprevisión de ingresos e gastos do é 14.892,364,97 euros, preto dos 15 millóns de euros, é unha previsión igual ao anterior, os ingresos aumentar nun millón máis para catro proxectos concretos que se estaba executando e que soamente hai unha pequena execución polo que pasan a formar parte do exercicio.

Fala da proposta da alcaldía, di que os ingresos na participación dos tributos do estado 543.986,67 euros, os fondos de cooperación cos concellos coa Xunta de Galicia non aumenta, diminúen en 16.300,24 euros, o que evidencia que o goberno do Sr. Feijoo non ten intención de axudar aos concellos. Fala do aumento



SECRETARIA

prezo hora do SAF, finalmente incrementouse a 2 ueors o prezo da hora, realmente o concello paga moito máis que a xunta de Galicia,un 63,3%. Fala do capítulo I do persoal, o gasto aumenta en 176.833,10 euros, un 3,96 máis que o ano pasado. Fala da creación dunha praza de oficial da Policía, que é necesario para ter un total de 18 efectivos, 2 oficiais e quince axentes, a creación dunha praza de técnico informático, tamén fala da creación dunha praza de auxiliar adminsitrativo para que sirva de apoio aos demais servizos. Fala do aumento nas retribucións do 2%. Fala do capítulo II, actividades de turismo entroido, feira medieval, en toda a partida deste capítulo ascende a 8.. O gasto corrente non imputable a estas obrigas baixa bastante en relación con anos anteriores, isto significa que se fai unha xestión rigurosa, e estase reducidno o gasto corrente dunha maneira importante.

Fala do incremento de subvencións en deportes e subvencións en parrquias. Fala do capítulo VI, se incrmenta en 366.000,00 euros, hai que engadir 900.000 euros desees proxectos que non estan executados. No capítulo VII redúcese con respecto ao ano anterior.

O orzamdnto para o ano 2022 non aumento, pero en realidade se fai no apartgado de ingresos porque se conta co millón d eeuros do ano anterior, o concello continúa con débeda cero e sen previsión de ningún préstamo.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que o orzamento é a principal ferramenta para contribuir e saír adiante no tecido produtivo logo da pandemia que se espera que despois do 2022 se poda deixcar atrás. Fala de botar en falla inversións, o rramento do 2022 ascende á mesma cantidade do ano anterior, varíanse cousas que poden estar de acordo ou valorar de positivas ou non. Aínda sí botan en falla coudsas de moita importancia ás que hai que facerlle fronte. Non se vislumbran ningún euro para botar a funcionar o plan xeral de ordenación municipal, zona de baño publica, descoñecen que inversión se vai facer na piscina, que partida vai asignada para o arranxo no mercado gandeiro,e outra cousa que lles parece insuficiente por non dicir case ridícula é o investimento no desenvollo rural, pero que sí débese facer algo sempre en positivo. Se quixeran que se votase a favor, farían as cousas doutro xeito, evidentemente din que non van votar a favor.


Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestndo que se volve ao mesmo que o ano pasado, di que non é de recibo vostedes se adiquen a ler datos e facer unha presentación idéntica á do ano pasado. Di que lle gustaría saber en que se van gastar esa cantidade de cartos. Di que eles traen a mesma intervención do ano pasado. Di que son un presupostos sociais e son moito máis sociais que o ano pasado, tamén hai qu recoñecer que botan en falla, nos 50.000 euros que se van gastar no cemiterio, poderían facer no 100%, o mesmo que se falou máis veces, ven se poderían ter dous autobuses. Gustaríalle que se expliquen aquí en que se van gastar todos os cartos. Din que son os do non polo non, lembrarlles as peticións dos grupos da oposición, e vostedes din non a todos, non os chaman absolutamente para nada. Di que eles veñen a todos os plenos con mocións e vostedes sempre din que non que as súas prioridades son outras. Di que eles entenden que iso non é o queren para Monforte.



Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que indicar que a aprobación dos orzaentos é o tema máis impotgante no Concello, falase da xestio'ns dos ingresos e gastos. Gustaríalle que se fixese un pleno extraordinario, sen embargo, o traen a un pleno ordinario, fala da falla de interese de que a oopsicio'n teña tempo e se poda facer un debate dos presupostos.

Di que as plantillas hai que velas con lupa para entendela, non é normal que o Concello siga sen relación de postos de traballo. Pero o máis alarmante é o epígrafe dos gastos correntes, sen especificar en detalle adonde van os cartos. Non se pode vir D^a Gloria a presumir de que estan rebaixando os gastos correntes, parece que aumentan. Nos gastos correntes introducen todo o gasto de combustible de electricidade, e uns se vai aos reparos de intervención, hai 35.000,00 euros de facturas de electricidade, e vostedes non o fan, e o logo din que fan unha boa xestión. Non fan absolutamente nada máis, co tema dos reparos este mes cos informes hai 385.000,00 euros en reparos de intervención, iso é que non hai un gasto predefinido, en total se están cun presupostos, abusando de epígrafes xenéricos. Además se seguen sen coñecer un plan de inversións e de futuro para Monforte. Fala do epígrafe do turismo, fala dos epígrafes xenéricos e non os ven cun rumbo definido. A conclusión que fan é que é unha xestión nefasta, cerca de 8 millóns de euros, costalle aso cidadans manten ese s gastos correntes. Fala do control da execucións das obras, que se levan a cabo na cidade, ao mellor poderían prantear de crear prazas de enxeñeiros, arquitectos, para que controlen a execución das obras, senón non pasaría o que pasa na rúa Corredoira, etc. A todo isto sen enttrar nos problemas graves da cidade, falla de plan urbanismo, problema de saneamento, as instalacións deportivas están moi obsoletas. Polo tanto a súa conclusión neste primer tempo de debate simplemente non poden apoiar a xestión do equio de goberno será negativo.

Intervén D^a Gloria María Prada continúa dando datos porque o presuposto son datos económicos. Fala do nivel de inversión moi alto para obras en melloras urbanas, no rural, nos parques, melloras no saneamento, no alumeado, no polígono industrial. Destacar que son orzamentos sociais, manteñense a axuda no fogar, aumento da partida de emexencias sociais, aumentanse a partida correspondente das actividades do centro cívico e nas parroquias. Incremento da partida da adquisición de libros de texto, aumento da partida do bus universitario, aumenta a partida do servizo do servizo bus escolar, incremento da partida á gardería municipal, incremento da partida da enerxía enerxética motivado pola suba da luz e pola pandemia, inclúen unha partida para adquisición de matreial, mobiliario e equipos informáticos para o conservatorio, partaida da asociación sociais que amosa que este alcalde e o equipo d goerno ten unha preocupación social máis que nunca. Aumenta a partida da rexeneraición de césperde da pinguela, reposición de mobiliario deoprtiva, incremento das festas patronais, incremento da partida de preios na área d ecultura, incremento do alumeado de nadal. Destino para bilbioteca mobiliario, para estantanerías, programas informáticos, incremento das subvencións das festas ds parroquias., etc.



SECRETARIA

Intervén D. Emilio José Sánchez di que antes fixo un breve resumo do que botan en falla. Todos os grupos estiveron falando do que lles falta para poder votar a favor, evidentemente son os seus orzamentos, teñen a maioría e hai que respetala, di que eles non van apoiar estes orzamentos.

Intervén D. Jiame Germán Vázquez di que non represntaron este ano a RPT poden falar do conflito que teñen co Comité de Empresa. Vostedes non fan ningunha partida para o PXOM, o fan para a zona C, zona D, non baixan o IBI, as subvencións non son por concurrencia competitiva, son nominativas e na Deputación son por concurrencia competitiva. Soamente piden transparencia e sentido común. Non lles parece de recibo o que estan facendo cos orzamentos. Todo o que vostedes traen, se se proresentou douas veces co tema de Pacadar e nono tiñan resolto ninnada. Tampouco lle parece moi normal que estea Sra. Prada permanentemente faltando ao respecto, un monfortino que queira ver os orzamentos non atopa nada Sra Prada, estes son uns orzaentos que se van colgar nunha páxina web e que calquera monfortino o podería mirar e non atoparía nada o lle leva trinta minutos, son é difícil, vostede sábeo.

Intervén D^a Gloria M^a Prada sinala lamenta que non apoie os orzamentos dirixíndose a D. Emilio, di que cre en varias ocasións xa se explicou o do PXOM. Di que ela falou de debuxos, o que non entende, sinala que ela non elaborou os orzamentos, guíase todo por unhas normas, sinala que ela non falta ao respecto non hai outra forma. Di que todo os que preguntan aquí están nos orzamentos, cando concepto ten unha partida e aí aparecen as cantidades. Fala de transparencia, non están escondendo nada, facilitaron os presupostos é o que hai.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que escoitar as cousas que se escoitan dalle un pouquiño de pena. Os orzamentos é para velos e estudialos e non dicir o que lles de a gaña sen saber o que poñen, hai que entender o que é un presuposto, non todo o mundo o sabe. O cálculo dos ingresos ven dado salvo que se modifiquen os impostos. Dille a D. Emilio que non pode aprobar os presupostos, di que os presupostos son bos, non os aproba porque non quere, pero pode votar a favor, non é maneira de facer política construtiva, os orzamentos son bos D. Emilio. Mezclan cousas que non teñen nada que ver co presuposto, poden dicir o que queiran, iniciar os traballos previos para despois elaborar o PXOM, iso non significa facer un contrato do PXOM, o día que apareza van levar unha sorpresa, agora cando hai un proxecto que se vai empezar é cando se di. Di que eles están facendo os traballos previos, di que outros non fixeron iso. Vostedes falan da zona de baño, dixoo fai pouco o voceiro, este alcalde ten un proxecto no próximo mandato se lles da posibilidade, fárase e se non non se fará, para iso ten que haber autorizacions de sanidade porque a auga cumpra os requisitos, autorización de medio ambiente, autorización da confederación hidrográfica, todo iso leva o seu tempo, leva uns trámites. A piscina, di que cre que a piscina non está dando que falar como foi noutros tempos, xa se sacará o concurso cando proceda, agora resolvéanse as cousas. Fala do mercado gandeiro, xa se dixoo que ía haber unha obra, no investimento no rural, dende 40 anos de democracia non se investiu tanto no rural como agora. O proxecto do orzamento o teñen vostedes dende o venres da



SECRETARIA

semana anterior, son dez días, tiveron vostedes tempo de sobra se quixeron leelos. Vostedes na comisión informativa non fixeron ningunha proposta é máis, non fixeron ningunha pregunta, vostedes poderían acusar de que se propuxeron cousas pero non o fixeron. Cando vexamos a acta da Comisión refrendará o que estou dicindo. Non sabe como veñen a dicir estas cousas, cando nin pregunta nin propoñen.

Dille a D. Germán que o orzamento está clarísimo porque senón non habería os informes favorables que hai, polo tanto miren se son transparentes e se sabe onde se gastan, a lei orzamentaria é a mesma para todos. Vostede di vostede que se pode suprimir no cemiterio facer o 100% non se poden suprimir as taxas, pódense bonificar, estas cousas é importante que as lea antes de que fale. Vostede non ven ás comisións, por riba non avisa ao equipo de goberno, por deferencia debe avisar a quén preside o órgano, non avisar varias veces á mesma persoa, pero ese non é o camiño. Di que el volvera a explicar tantas veces como o necesita. Fala vostede de Pacadar outra vez, o que se demostra con documentos non é opinable. A deputación de Lugo comprou os terreos e asinou un convenio, o único requisito era que o Concello recalificara os terreos, o concello mandou un informe negativo sobre o saneamento. Para recalificar uns terreos senón hai os tres servizos básicos a xunta nos os recalifica, vostede bote a culpa a quén a tuvo. Os terreos non se perden, pegado a eses terreos, aí hai a mellor rúa do polígono feita nova e iso será moi útil para eses terreos. Di que dentro de pouco véranse moitas máis melloras nese polígono. Vostede ataque con argumentos sólidos. O concello está seguindo o camiño correcto, un bo camiño, Monforte vai ben e vai ir mellor aínda e os parámetros económicos o din.

Dille a D^a Katherinie dicindo que vostede prefería un pleno extraordinario, este equipo de goberno sempre os trouxo a un pleno ordinario, di que el non ve que a Xunta de Galicia os leve a un pleno extraordinario. Vostede que quería un pleno extraordinario e despois renunciou a un segundo turno, cando un presuposto é bo non hai argumentos para criticalos, polo tanto eso indica que sobra o tempo, o importante é saber do que se fala. Fala vostede do tamaño da letra, imprima en A3 verá como se mellor, ese tipo de críticas, ou a RPT. A RPT estase facendo e esta vez aprobarase, este é un goberno serio e sólido, non se acordan de que o seu goberno teñen sen facer o enlace co N-120 e o muelle de carga. A RPT estará aprobada no 2022. Falan das obras, do hospital, do Valle de Lemos, da rúa Corredoira, habería que velas como están, pero vostedes non se acordan como estaba aquilo. Debería saber que os funcionarios non controlan as obras, para iso están os directores de obra que son os que teñen que facer o seguimento e son os certifican os pagos parciais e finais. Un pode facer o que considere, pero os presupostos son uns bos presupostos para Monforte como están sendo nestes anos, hai que ver como está todo, cada un pode facer o que queira, Monforte vai ben.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL, IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (PLUSVALÍA).



SECRETARIA

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

A Sentenza do Tribunal Constitucional 59/2017, con data do 11 de maio de 2017, relativa ao imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, declarou inconstitucionais e nulos os artigos 107.1, 107.2.a) e 110.4, do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, pero unicamente na medida que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.

Posteriormente, o Alto Tribunal, na súa Sentenza 126/2019, con data do 31 de outubro de 2019, declarou tamén inconstitucional o artigo 107.4 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, respecto dos casos nos que a cota para satisfacer sexa superior ao incremento patrimonial realmente obtido polo contribuínte. E, finalmente, a recente Sentenza 182/2021, con data do 26 de outubro de 2021, veu a declarar a inconstitucionalidade e nulidade dos artigos 107.1, segundo parágrafo, 107.2.a) e 107.4 do mencionado texto refundido, deixando un baleiro normativo sobre a determinación da base imponible que impide a liquidación, comprobación, recadación e revisión deste tributo local e, por tanto, a súa exixibilidade.

Así, co remate de dar cumprimento ao mandato do Tribunal Constitucional contido na súa Sentenza 59/2017 de non someter a tributación as situacións de inexistencia de incremento de valor dos terreos, e, coa finalidade de atender ao mandato expresado nas outras dúas sentenzas, ditouse o Real Decreto-lei 26/2021, do 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, publicado no BOE número 268 de 9.11.2021.

A disposición transitoria única do Real Decreto-lei 26/2021, do 8 de novembro dispón que os concellos que teñan establecido o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana deberán modificar, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto-lei, as súas respectivas ordenanzas fiscais para adecualas ao disposto no mesmo.

Vistos os informes da Intervención municipal e o que dispón o artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos Centrais,

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente as modificación da seguinte Ordenanza Fiscal:

1.1) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

A) Modificar artigo 2 "Natureza e feito imponible"

Quedando redactado do seguinte xeito:



ARTIGO 2. ARTIGO 104. NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO.

1. O imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana é un tributo directo que grava o incremento de valor que experimenten estes terreos e pónase de manifesto como consecuencia da transmisión da propiedade dos terreos por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos terreos.

2. Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do imposto sobre bens inmobles. En consecuencia con iso, está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, para efectos deste imposto sobre bens inmobles, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou no padrón daquel. Para os efectos deste imposto, estará así mesmo suxeito a este o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles clasificados como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

3. Non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións que ao seu favor e en pagamento delas verifíquense e transmisións que se fagan aos cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns. Tampouco se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentenzas nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal for o réxime económico matrimonial.

4. Non se devindicará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións de bens inmobles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que se lle transferiron, consonte o establecido no artigo 48 do Real Decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos.

Non se producirá a devindicación do imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., a entidades participadas directa ou indirectamente pola devandita Sociedade en polo menos o 50 por cento do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no momento de contado anterior á transmisión, ou como consecuencia da mesma.

Non se devindicará o imposto con ocasión das achegas ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, aos fondos de activos bancarios, a que refírese a disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro.

Non se devindicará o imposto polas achegas ou transmisións que se produzan entre os citados Fondos durante o período de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aos Fondos, previsto no apartado 10 da devandita disposición adicional décima.



SECRETARIA

Na posterior transmisión dos inmobles entenderase que o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos non se interrompeu por causa da transmisión derivada das operacións previstas neste apartado.

5. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para iso, o solicitado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como achegar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por solicitados, a estes efectos, as persoas ou entidades a que refírese o artigo 106.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo a estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de devindicación do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de achegas ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.


B) Modificar artigo 6 "Base Imponible"

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento da devindicación e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos, e determinarase, sen prexuízo do disposto no apartado 5 deste artigo, multiplicando o valor do terreo no momento da devindicación calculada conforme o establecido nos seus apartados 2 e 3, polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme o previsto no seu apartado 4.

2. O valor do terreo no momento da devindicación resultará do establecido nas seguintes regras:



SECRETARIA

a) Nas transmisións de terreos, o valor destes no momento da devindicación será o que teñan determinado no devandito momento a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbiles.

Con todo, cando este valor sexa consecuencia dun relatorio de valores que non reflicta modificacións de plan aprobadas con posterioridade á aprobación do citado relatorio, poderase liquidar provisionalmente este imposto conforme a aquel. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez obtívose conforme os procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data da devindicación. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corrixiranse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos para o efecto nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmóbil de características especiais, no momento da devindicación do imposto, non teña determinado valor catastral no devandito momento, o concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo este valor ao momento da devindicación.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) anterior que represente, respecto daquel, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

c) Na constitución ou transmisión do dereito para elevar unha ou máis #andar sobre un edificio ou terreo, ou do dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo aplicaranse sobre a parte do valor definido no parágrafo a) que represente, respecto daquel, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, na súa falta, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das #andar para construír en voo ou subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Nos supostos de expropiacións forzosas, as porcentaxes anuais contidos no apartado 4 deste artigo aplicaranse sobre a parte do prezo xusto que corresponda ao valor do terreo, agás que o valor definido no parágrafo a) do apartado 2 anterior fose inferior, nese caso prevalecerá este último sobre o prezo xusto.

3. O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto este incremento.

Nos supostos de non suxeición, agás que por lei indíquese outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento de valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, para os efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela en a que se produciu a anterior devindicación do imposto.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, ratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

O coeficiente para aplicar sobre o valor do terreo no momento da devindicación, calculado conforme o disposto nos apartados anteriores, será o que corresponda dos aprobados polo



concello segundo o período de xeración do incremento de valor, sen que poida exceder dos límites seguintes:

<i>Período de xeración</i>	<i>Coefficiente</i>
<i>Inferior a 1 año.</i>	<i>0,14</i>
<i>1 ano.</i>	<i>0,13</i>
<i>2 anos.</i>	<i>0,15</i>
<i>3 anos.</i>	<i>0,16</i>
<i>4 anos.</i>	<i>0,17</i>
<i>5 anos.</i>	<i>0,17</i>
<i>6 anos.</i>	<i>0,16</i>
<i>7 anos.</i>	<i>0,12</i>
<i>8 anos.</i>	<i>0,1</i>
<i>9 anos.</i>	<i>0,09</i>
<i>10 anos.</i>	<i>0,08</i>
<i>11 anos.</i>	<i>0,08</i>
<i>12 anos.</i>	<i>0,08</i>
<i>13 anos.</i>	<i>0,08</i>
<i>14 anos.</i>	<i>0,1</i>
<i>15 anos.</i>	<i>0,12</i>
<i>16 anos.</i>	<i>0,16</i>
<i>17 anos.</i>	<i>0,2</i>
<i>18 anos.</i>	<i>0,26</i>
<i>19 anos.</i>	<i>0,36</i>
<i>Igual ou superior a 20 anos.</i>	<i>0,45</i>

Estes coeficientes máximos serán actualizados anualmente mediante norma con rango legal, podendo levar a cabo dita actualización mediante as leis de orzamentos xerais do Estado.

Se, como consecuencia da actualización referida no parágrafo anterior, algún dos coeficientes aprobados pola vixente ordenanza fiscal resultase ser superior ao correspondente novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que entre en vigor a nova ordenanza fiscal que corrixa este exceso.

5. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 104.5, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, constátase que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme ao disposto nos apartados anteriores deste artigo, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.



SECRETARIA

TERCEIRO.- *Expoñer ao público os acordos precedentes, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.*

Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.

No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.

CUARTO.- *O acordo definitivo ou o provisional elevado a definitivo e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor o día da súa publicación e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Gloria M^a Prada dando lectura á proposta presentada. Sinala que os Concellos teñen que que modificar no prazo de seis meses as súas ordenanzas, a fin de adecuala polo que se trae a este a modificación provisional da ordenanza de plusvalía, afecta ao artigo 2 . Feito imponible e ao artigo 6. Base imponible.

Intervén D. Emilio José manifestando que esta iniciativa falase de adaptar á normativa vixente, pero aproveitando que se fala da economía gustaríalle poñerlle coto algunhas palabras que vostede dixo, di que el en ningún momento dixo que era un bo orzamento, cando se falou de baño non ten porque ser zona de baño no río pódense facer piscinas públicas, cando se fala de desenvolvemento rural, non é botarlle chapapote, o desenrolo rural leva máis cousas implícitas non soamente asfaltado e poñer luces. Di que a el lle sobra o tempo para ler os orzamentos. Fala de que os informes dos téncios son claros. Di que canto antes se adapte moito mellor.

Intervén D. Jaime Germán manifestando que efectivamente cando dicía vostede o da zona de baño, estabase falando de piscinas, quere aclarar cando vostede falaba do polígono di que el non se riu. Outro día vostede na radio, dixo que o da zona C que o habían adxudicado a Extraco, adxudicaron a Misturas, non lle parecía prudente. Co tema das comisións informativas, por motivos laborais que non veñen ao caso, non pode asistir as comisións informativas. Teñen unha forma de enredar e deixar a un por debaixo, en tres minutos non é moito tempo para explicar todo o que queren dicir.

Intervén D^a Katherinie Varela sinalando que realmente pregunta fixo unha consulta na comisión informativa fixo unha consulta, e non foron capaces de contestar, e logo din que ela non se entera de nada. Centrándose na modificación da ordenanza parécelles moi precipitado, porque a FEMP pediu uha cita á ministra de Facenda porque consideran que este decreto non ten un desenrolo moi claro, pérdidas económicas dos Concellos por todo o que deron lugar as sentenzas, o



único que lles interesa é saquear aos cidadáns para gastos correntes. Di que vanse abster.

Intervén D^a Gloria Prada dicindo malo se o traemos peor senón o traén, di que se ciñen ao que informan os técnicos na materia, claro que hai unha incertidume xeneralizada en todos os xuristas e persoas entendidas na materia, a medida do que suceda, se hai que volver a modificar o volveran facer. Vostede sabe que por motivo se fai un reparo, mire os reparos que hai neste Concello, ten o costume sempre, pero con temas moi delicados, lanzar aoi aire estes insultos, que porfavor ten que ter un pouco máis de coidado, está poñendo a este equipo de goberno nunha situación na que vanse tomar medidas.

Intervén D^a Katherinie Varela dicíndolle que tomen as medidas que consideren oportunas, parece que están aquí cobrando e nada máis. Os presupostos os fan os técnicos, a modificación da ordenanza, o fan os técnicos, pero que fan vostedes? Se vostedes queren en vez de argumentar a súa xestión prefiren descalificala, di que ela foi moi clara dicindo que é moi precipitado, non responsabilicen aos técnicos e aos funcionarios.

Intervén D^a Gloria Prada dicindo que eles, o equipo de goberno, non utilizan o programa informático. Soamente lle di que mire o que teñen, once concelleiros.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que unha zona de baño é unha cousa e unha piscina é outra cousa. Misturas e Extraco son do mesmo grupo de empresas. Di vostede que ata nova orde non pode asistir, o correcto é aquí e en calquera punto do mundo avisar a quén preside o órgano, vostede faga o que queira. Queixanse vostedes de que non fan o orzamento, non se corresponde o que está no orzamento co que din vostedes aquí. Dille a D^a Katherinie, dixo vostede saquear aos cidadáns, houbo un cambio normativo, o que fan é adecuar a norma para cobrar os impostos conforme á lei. O propio Real Decreto sinala que durante o prazo seis meses é aplicable e se da ese prazo, vostede lea o decreto e o interpretará, se o propio real decreto di iso aplicarase durante seis meses para adecuar as ordenanzas, está claro verdade.

Di que el non cobra soldo do Concello, e os plenos cobra como calquera concelleiro. O que pode dicir que eles nin cobran nin pagan en B, se vostede pode dicir o mesmo, cunha sentenza na man, explíqueo, D^a Katherinie non lle molesta en absoluto, o que di, están debatendo no pleno.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

5º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES PRESENTADAS POR ALACER OCIO Y DEPORTE CONTRA ACORDO DO PLENO DE 28.06.2021.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.



Transcríbese a proposta de alcaldía:

"1º.- Visto o informe do técnico de deportes de data 19.11.2021 no que sinala:

"Óscar Rodríguez Pérez, técnico de deportes do Concello de Monforte, emite o seguinte informe, a petición dos servizos de intervención, en relación ás alegacións presentadas por Miguel Ángel Pazos Sánchez Rubio, en representación da empresa "Alacer Ocio y Deporte S.L." ao acordo do 28.06.2021 do Pleno do Concello de Monforte polo que se lle solicita indemnización polos danos e prexuízos causados ao concello de Monforte como consecuencia dos incumprimentos contractuais acreditados en relación ao expediente de resolución do contrato do servizo público de xestión e explotación da piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais da pinguela.

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 24.02.2020 adoptou acordo polo que se declare a intervención do servizo de "XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMAIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA" ante as graves perturbacións do servizo ocasionadas pola xestión empresarial do contratista. Acordouse tamén o nomeamento dun interventor técnico que substitúa plenamente aos elementos directivos da empresa, durante o tempo ao que se estenda a intervención.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 11.03.2020 adoptou acordo polo que se facía executiva a intervención do servizo de "XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMAIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA" ante as graves perturbacións do servizo ocasionadas pola xestión empresarial do contratista. Acordouse tamén o nomeamento como interventor técnico do servizo que substituiría plenamente aos elementos directivos da empresa adxudicataria a Óscar Rodríguez Pérez, técnico municipal de deportes do Concello de Monforte.


A intervención municipal do servizo finalizou o 26 de outubro de 2020.

O interventor do servizo presentou memoria da intervención o día 17.06.2021

O pleno da corporación na súa sesión celebrada o día 28.06.2021 acordou solicitar á empresa "Alacer Ocio y Deporte S.L." indemnización polos danos e prexuízos causados ao Concello de Monforte como consecuencia dos incumprimentos contractuais acreditados en relación ao expediente de resolución do contrato do servizo público de xestión e explotación da piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais da pinguela.

En canto ás alegacións presentadas por Miguel Ángel Pazos Sánchez Rubio contra o acordo do pleno do 28.06.2021, no que se refire ao apartado segundo "respecto á memoria de intervención" infórmase do seguinte:

A memoria de intervención do servizo detalla, de xeito exhaustivo, todas as operacións e actuación levadas a cabo durante a intervención que tiveron como obxectivo principal
Pleno ordinario 29.11.2021



SECRETARIA

cumprir co mandato acordado na Xunta de Goberno do 11.03.2020 que no foi outro que “encargarse directamente do funcionamento do servizo e da percepción dos dereitos establecidos, utilizando para tal fin o mesmo persoal e material do concesionario, sen que poida alterar as condicións e prestacións. Singularmente, e de modo preferente, realizará as xestións e trámites necesarios para regularizar as percepcións dos traballadores, incluído a xestión das operacións de crédito precisas”.

Deste xeito non foi obxecto da memoria de intervención a análise do estado das instalacións deportivas tal e como alega o interesado no seu escrito. Tampouco se lle imputou cantidade algunha na liquidación como indemnización por este feito, máis alá dos gastos ordinarios de mantemento orixinados durante o período no que o servizo estivo intervido polo Concello.

En canto ás nóminas asumidas por “Alacer Ocio y Deporte S.L.” incluídas cotizacións á seguridade social e IRPF dende o 14.03.2020 ata o 01.07.2020 informar de que o pago das mesmas se fixo en base ao Decreto 2020/478 de 25.03.2020 de “efectos sobre os contratos en execución das medidas adoptadas polo Goberno e polo Concello nos servizos prestados polos distintos contratistas”, que resolve o seguinte:

“PRIMEIRO: Que as prestacións que se veñen realizando polos diferentes contratistas de servizos, que contén con traballadores que estean directamente e en exclusiva, adscritos á prestación con Concello, se manteñan nos mesmos termos preexistentes, no seu aspecto económico, á adopción das medidas derivadas da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A estes efectos se deberá manter a disposición do Concello os mesmos medios humanos e materiais cos que se viñan realizando as citadas prestacións, sen prexuízo de posibles medidas de suspensión ou modificación das prestacións que puideran ser adoptadas nun futuro. Todo elo coa finalidade de manter os postos de traballo, o que conlevará que ditas empresas non poidan acudir ao mecanismo do ERTE, manténdose a facturación que se viña realizando ata a actualidade”

O interventor do servizo emite informe o día 23.04.2020 no que se solicita a autorización para facer un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) aos traballadores adscritos á servizo da piscina climatizada municipal, a excepción do encargado de mantemento, que se propón que se manteña cunha carga horaria equivalente á media xornada dadas as particularidades técnicas dunha piscina climatizada e co fin de evitar o seu deterioro durante o tempo en que o servizo estivera pechado.

Por Decreto de Alcaldía nº 2020/569 de 23.04.2020 autorízase a realización dun expediente de regulación de emprego temporal aos traballadores adscritos ao servizo polo tempo que dure o cese da prestación coa finalidade de evitar un prexuízo económico tanto á empresa adxudicataria do servizo como ao Concello de Monforte.

Tendo en conta o anterior o interventor do servizo da a orde á empresa “Alacer Ocio y Deporte S.L.” para que realice todos os trámites necesarios para a solicitude de realización dun expediente de regulación de emprego temporal (ERTE) aos traballadores adscritos ao contrato coa excepción de manter ao encargado de mantemento cunha carga horaria de media xornada.



SECRETARIA

O día 04.05.2020 a empresa "Alacer Ocio y Deporte S.L." recibe comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de resolución favorable á solicitude de ERTE. Deste xeito, e segundo a comunicación, o persoal estaría en ERTE dende o 21.04.2020.

En canto á decisión do Concello de abonar o 30 % das nóminas dos traballadores do ERTE para complementalas ao 100 %, fíxose en base ao Decreto 2020/569 de 23.04.2020 que no seu punto segundo dispón:

"Continuando co criterio do Concello de apoiar aos traballadores e traballadoras afectados/as dispoñer que seus salarios sexan completados, ata o 100 % das cantidades que viñan percibindo antes da aplicación do ERTE, con cargo as cantidades que foron transferidas polo Concello á intervención da concesión."

Os traballadores da piscina municipal deixaron de estar en ERTE o día 01.07.2020, momento dende o que as nóminas dos traballadores/as pasaron a ser asumidas integramente pola empresa concesionaria.

En canto ao peche das instalacións o 21.08.2020, este acordouse por Decreto de Alcaldía nº 2020/1191 de 21.08.2020 con motivo da evolución da pandemia do COVID-19. A piscina volveu abrir ao público o 10.09.2020. Durante os días de peche o persoal estivo nos seu postos de traballo facendo labores de atención telefónica ao público e mantemento xeral da instalación, o que permitiu non ter que realizar o peche anual de mantemento que se viña facendo todos os anos.

En canto ao pago da actualización do IPC correspondente ao exercicio 2020, non lle consta a este técnico solicitude algunha ao respecto por parte da empresa "Alacer Ocio y Deporte S.L."

En canto á reclamación do importe correspondente aos recibos devoltos na cantidade de 2.580,45 €, informar que o detalle dos recibos devoltos por parte de abonados das instalacións figura na páxina 842 da memoria de intervención e coincide coa cantidade indicada polo reclamante. Do importe de recibos devoltos, e despois das xestións realizadas por parte do persoal de administración das instalacións, recuperáronse 175,25 €. Estes recibos foron devoltos durante a xestión do servizo por parte de "Alacer Ocio y deporte S.L." e teñen que ser asumidos por estes, e non polo Concello de Monforte tal e como pretenden os reclamantes."

2º.- Visto o informe do técnico de contratación de data 19.11.2021 no que sinala:

"Solicitado informe en relación coas alegacións presentadas pola mercantil ALACER, OCIO Y DEPORTE, S.L. contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de data 28.06.2021, en particular no aspecto referido á posible vulneración do procedemento administrativo (alegacións CUARTA bis e QUINTA), emítase o presente en base aos seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro.- Informe do Secretario Xeral e do Interventor Xeral do Concello, de data 18.06.2021, favorable á proposta de "esixir unha indemnización que cando menos contemple as partidas e importes indicados, por corresponderse coa responsabilidade derivada dos incumprimentos do contratista alcanzando un importe total de 201.113,50 €, que se farán efectivas, en primeiro término contra a garantía definitiva consignada no seu momento."

Pleno ordinario 29.11.2021



Segundo.- Acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de data 28.06.2021, notificado o 13.07.2021 que, na súa parte dispositiva, sinala:

1.- Acordar inicialmente a esixencia a ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. dunha indemnización por importe de 201.113,50 €, polos danos e prexuízos causados ó Concello de Monforte como consecuencia dos incumprimentos contractuais acreditados no expediente e dos que é responsable ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L.

2.- Dar trámite de audiencia a ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. por un prazo de 15 días hábiles a fin de que alegue canto estime oportuno en defensa dos seus intereses."

Terceiro.- Solicitud de ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. de data 26.07.2021 de entrega de diversa documentación do expediente.

Cuarto.- Dilixencia de data 29.07.2021 de entrega da documentación solicitada.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Sen entrar na análise dos aspectos relativos á cuantificación da indemnización, e centrándonos exclusivamente no aspecto procedimental, este técnico entende que non se ten producido a vulneración que o contratista alega, por canto se tramitou un procedemento contradictorio no que tivo acceso completo ao expediente, tal como acredita o feito de ter solicitado e obtido copias de todos os informes e memorias obrantes no mesmo (antecedente cuarto).

En efecto, non se esixe pola normativa a entrega do expediente completo no momento de acordar a apertura do procedemento de indemnización, senón que precisamente a finalidade do trámite de audiencia (que lle foi debidamente notificado xunto co acordo de iniciación en data 13.07.2021, tal como él mesmo recoñece no punto primeiro do seu escrito de alegacións) é facilitar o exame e obtención de copias do mesmo.

CONCLUSIÓNS

A xuízo do técnico informante, á vista dos antecedentes e consideracións expostas, procede desestimar as alegacións formuladas no referente á posible vulneración do procedemento administrativo, por non terse producido esta. En consecuencia tampouco se ten producido a situación de indefensión que se alega."

3º.- Visto o informe do interventor de data 22.11.2021 no que sinala:

"Manuel Vázquez Fernández, interventor do Concello de Monforte de Lemos, a requerimento da Alcaldía de data 19/11/2021 informa as alegacións formuladas polo interesado á determinación da indemnización procedente pola liquidación do contrato do servizo público de xestión e explotación da piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais de A Pinguela, trala resolución do mesmo declarada como imputable ó contratista.

Con carácter previo, cómpre sinalar que o presente informe reviste carácter de mínimos polo escaso tempo disposto e emítase sobre a información facilitada que obra no expediente, cinguíndose exclusivamente á procedencia das alegacións que sobre os aspectos económicos foron postos de manifesto polo reclamante no seu escrito, sen perxuízo de que, á vista dos datos observados, informes e resolucións obrantes no expediente, se estime



necesaria a realización dun control financeiro posterior para verificar a correcta utilización dos fondos públicos dispostos, toda vez que respecto dos mesmos non se tivo efectuada ningunha fiscalización.

ANTECEDENTES.

1.- *CONTRATO DO SERVIZO PÚBLICO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMÁIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA, con GRUPO PAZOS SALUD Y OCIO S.A., de data 31/03/2011 (acta de inicio da prestación de 01/04/11), que foi CEDIDO a ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. segundo autorización do Pleno da Corporación de 4 de xuño de 2015.*

2.- *Expediente de solicitude pola empresa de restablecemento do equilibrio económico da concesión, iniciado por solicitude da empresa o 21/03/2019 e resolto polo Pleno do concello o 30/09/2019 no sentido de desestimar a solicitude.*


3.- *Expediente de intervención do servizo iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 24 de febreiro de 2020 que adoptou, entre outros, o seguinte acordo:*

Primeiro.- Adoptar acordo polo que se declare a intervención do servizo de “XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMÁIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS DA PINGUELA” ante as graves perturbacións do servizo ocasionadas pola xestión empresarial que leva a cabo o contratista.

Segundo.- Nomeamento, de ser o caso, dun interventor técnico que substitúa plenamente aos elementos directivos da empresa, durante o tempo ao que se extenda a intervención.

Terceiro.- Determinación da duración temporal das medidas de intervención, tendo en conta os límites máximos recollidos no artigo 135 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais que concluíu co Acordo Plenario de 26/10/2021 en relación á resolución do contrato do servizo público de xestión e explotación da piscina municipal climatizada, dos servizos de cafetería e demais incluídos na instalación, e das pistas de tenis municipais de A Pinguela polo que se acorda iniciar o expediente de indemnización polos prexuízos económicos ocasionados á Administración contra ALACER OCIO Y DEPORTE S.L.

A Intervención fíxose efectiva por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 11 de marzo de 2020, que adoptou o seguinte acordo:



SECRETARIA

Primeiro.- Facer executiva a intervención do servizo de "XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMAIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS

MUNICIPAIS DA PINGUELA", ante as graves perturbacións do servizo ocasionadas pola xestión empresarial que leva a cabo o contratista.

Segundo.- Nomear como interventor técnico que substitúa plenamente aos elementos directivos da empresa adxudicataria durante o tempo ao que se estenda a intervención ao Técnico Municipal de Deportes Don Óscar Rodríguez Pérez. O interventor adoptará as decisións necesarias para, en nome da administración, encargarse directamente do funcionamento do servizo e da percepción dos dereitos establecidos, utilizando para tal fin o mesmo persoal e material do concesionario, sen que poida alterar as condicións e prestacións. Singularmente, e de modo preferente, realizará as xestións e trámites necesarios para regularizar as percepcións dos traballadores, incluído a xestión das operacións de crédito precisas.

Terceiro.- Establecer a duración temporal das medidas de intervención no período máximo que permite o artigo 135.1b) do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e dicir, na terceira parte do prazo que resta para o termo da concesión.

Cuarto.- Notificar os presentes acordos ao concesionario, ao Técnico Municipal de Deportes, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Axencia Estatal Tributaria e á entidade avalista, así como dar traslado dos mesmos aos servizos económicos do Concello.

Quinto.- Iniciar, polo órgano competente, expediente de resolución do contrato actual.

4.- Consta a esta Intervención, memoria do nomeado Interventor do Servizo cuantificando ingresos e gastos realizados pola administración durante a intervención do servizo e por conta de ALACER OCIO Y DEPORTE S.L. no periodo que abrangue do 11 de marzo ao 26 de outubro de 2020.

5.- Consta expediente de resolución do contrato iniciado polo Pleno en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 27 de agosto de 2020 e aprobada definitivamente en sesión ordinaria do 26 de outubro de 2020 coa adopción do seguinte acordo:



Primeiro.- Declarar a resolución do contrato de XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA, DOS SERVIZOS DE CAFETERÍA E DEMAIS INCLUÍDOS NA INSTALACIÓN, E DAS PISTAS DE TENIS

MUNICIPAIS DA PINGUELA, ante as graves perturbacións do servizo ocasionadas pola xestión empresarial que leva a cabo o contratista.

6.- Constan informes de auditoría das instalacións emitidos por Quaity Option S.L. entregados o 24/04/2021 no Concello: "Diagnose das instalación da piscina municipal de Monforte" e outro de formato máis reducido: "Diagnose do edificio da piscina municipal de Monforte"

7.- Consta proposta de liquidación asinada pola Concellería delegada de Facenda do día 18/06/2021, con base nos anteditos informes que obran no expediente.

8.- Consta informe conxunto da Secretaría e desta Intervención no sentido de informar favorablemente a antedita e esixir unha indemnización que cando menos contemple as partidas e importes indicados, por corresponderse coa responsabilidade derivada dos incumprimentos do contratista.

9.- Consta acordo do Pleno da Corporación de 28/6/2021 de esixencia de indemnización a ALACER OCIO Y DEPORTE S.L do seguinte tenor literal:

- 1.- Acordar inicialmente a esixencia a ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. dunha indemnización por importe de 201.113,50 €, polos danos e prexuízos causados ó Concello de Monforte como consecuencia dos incumprimentos contractuais acreditados no expediente e dos que é responsable ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L.*
- 2.- Dar trámite de audiencia a ALACER OCIO Y DEPORTE, S.L. por un prazo de 15 días hábiles a fin de que alegue canto estime oportuno en defensa dos seus intereses."*

10.- Constan escritos de alegacións do interesado de datas 26/7/2021 e 3/8/2021 opoñéndose ó acordo plenario citado.

11.- Consta informe do Técnico de Contratación de data 19/11/2021 que conclúe:

A xuízo do técnico informante, á vista dos antecedentes e consideracións expostas, procede desestimar as alegacións formuladas no referente á posible vulneración do procedemento administrativo, por non terse producido esta. En consecuencia tampouco se ten producido a situación de indefensión que se alega.

12.- Consta informe do Interventor do servizo de 19/11/2021 expresando, no que a efectos o presente informe interesa, o seguinte:



SECRETARIA

“Deste xeito non foi obxecto da memoria de intervención a análise do estado das instalacións deportivas tal e como alega o interesado no seu escrito. Tampouco se lle imputou cantidade algunha na liquidación como indemnización por este feito, máis alá dos gastos ordinarios de mantemento orixinados durante o período no que o servizo estivo intervido polo Concello.

En canto ás nóminas asumidas por “Alacer Ocio y Deporte S.L.” incluídas cotizacións á seguridade social e IRPF dende o 14.03.2020 ata o 01.07.2020 informar de que o pago das mesmas se fixo en base ao Decreto 2020/478 de 25.03.2020 de “efectos sobre os contratos en execución das medidas adoptadas polo Goberno e polo Concello nos servizos prestados polos distintos contratistas”, que resolve o seguinte:

“PRIMEIRO: Que as prestacións que se veñen realizando polos diferentes contratistas de servizos, que contén con traballadores que estean directamente e en exclusiva, adscritos á prestación con Concello, se manteñan nos mesmos termos preexistentes, no seu aspecto económico, á adopción das medidas derivadas da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A estes efectos se deberá manter a disposición do Concello os mesmos medios humanos e materiais cos que se viñan realizando as citadas prestacións, sen prexuízo de posibles medidas de suspensión ou modificación das prestacións que puideran ser adoptadas nun futuro. Todo elo coa finalidade de manter os postos de traballo, o que conlevará que ditas empresas non poidan acudir ao mecanismo do ERTE, manténdose a facturación que se viña realizando ata a actualidade”

O interventor do servizo emite informe o día 23.04.2020 no que se solicita a autorización para facer un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) aos traballadores adscritos á servizo da piscina climatizada municipal, a excepción do encargado de mantemento, que se propón que se manteña cunha carga horaria equivalente á media xornada dadas as particularidades técnicas dunha piscina climatizada e co fin de evitar o seu deterioro durante o tempo en que o servizo estivera pechado.

Por Decreto de Alcaldía nº 2020/569 de 23.04.2020 autorízase a realización dun expediente de regulación de emprego temporal aos traballadores adscritos ao servizo polo tempo que dure o cese da prestación coa finalidade de evitar un prexuízo económico tanto á empresa adjudicataria do servizo como ao Concello de Monforte.

Tendo en conta o anterior o interventor do servizo da a orde á empresa “Alacer Ocio y Deporte S.L.” para que realice todos os trámites necesarios para a solicitude de realización dun expediente de regulación de emprego temporal (ERTE) aos traballadores adscritos ao contrato coa excepción de manter ao encargado de mantemento cunha carga horaria de media xornada.



SECRETARIA

O día 04.05.2020 a empresa "Alacer Ocio y Deporte S.L." recibe comunicación da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de resolución favorable á solicitude de ERTE. Deste xeito, e segundo a comunicación, o persoal estaría en ERTE dende o 21.04.2020.

En canto á decisión do Concello de abonar o 30 % das nóminas dos traballadores do ERTE para complementalas ao 100 %, fíxose en base ao Decreto 2020/569 de 23.04.2020 que no seu punto segundo dispón:

"Continuando co criterio do Concello de apoiar aos traballadores e traballadoras afectados/as dispoñer que seus salarios sexan completados, ata o 100 % das cantidades que viñan percibindo antes da aplicación do ERTE, con cargo as cantidades que foron transferidas polo Concello á intervención da concesión."

Os traballadores da piscina municipal deixaron de estar en ERTE o día 01.07.2020, momento dende o que as nóminas dos traballadores/as pasaron a ser asumidas integramente pola empresa concesionaria.

En canto ao peche das instalacións o 21.08.2020, este acordouse por Decreto de Alcaldía n.º 2020/1191 de 21.08.2020 con motivo da evolución da pandemia do COVID-19. A piscina volveu abrir ao público o 10.09.2020. Durante os días de peche o persoal estivo nos seu postos de traballo facendo labores de atención telefónica ao público e mantemento xeral da instalación, o que permitiu non ter que realizar o peche anual de mantemento que se viña facendo todos os anos.

En canto ao pago da actualización do IPC correspondente ao exercicio 2020, non lle consta a

este técnico solicitude algunha ao respecto por parte da empresa "Alacer Ocio y Deporte S.L."

En canto á reclamación do importe correspondente aos recibos devoltos na cantidade de 2.580,45 €, informar que o detalle dos recibos devoltos por parte de abonados das instalacións figura na páxina 842 da memoria de intervención e coincide coa cantidade indicada polo reclamante. Do importe de recibos devoltos, e despois das xestións realizadas por parte do persoal de administración das instalacións, recuperáronse 175,25 €. Estes recibos foron devoltos durante a xestión do servizo por parte de "Alacer Ocio y deporte S.L." e teñen que ser asumidos por estes, e non polo Concello de Monforte tal e como pretenden os reclamantes."



Sobre as alegacións que son obxecto do presente informe

O alegante, no seu escrito de 3/8/2021 sinala o seguinte:

Por outra parte, tamén se debe indicar que en ningún caso debe asumir Alacer Ocio y Deporte, S.L., las nóminas de los trabajadores, incluídas cotizaciónes a la Seguridad Social e IRPF de Facenda desde el 14 de marzo de 2020 hasta el 1 de julio de 2020. Y ello debido a que esta parte solicitó la tramitación del correspondiente ERTE por escrito de 24 de marzo de 2020, habiéndose sido denegado por este Concello; no solicitándose hasta el 28 de abril de 2020. Es por ello que esta parte considera que, dada la decisión de este Concello de no tramitar el correspondiente ERTE solicitado por esta mercantil, debe asumir este Concello el importe de las nóminas generadas, incluída Seguridad Social e IRPF.

Asimismo, consideramos que la decisión de este Concello de abonar el 30% de las nóminas de los trabajadores en ERTE para complementarlas al 100%, en ningún caso puede imponérsele a esta parte. Es una decisión del Concello, cuyo coste debe ser asumido por el Concello. Por otra parte, ni tan siquiera se comunicó a esta parte.

Por otra parte, las instalaciones tamén se cerraron del 21 de agosto de 2020 al 10 de setembro de 2020, sin que se haya solicitado el correspondiente ERTE para dicho período. Motivo por el que, tamén, las nóminas de los trabajadores, incluída cotización a la Seguridad Social y retenciones de Hacienda, deben ser asumidas por este Concello.

Es por ello que, en todo caso, dichos importes deben ser asumidos por el Concello de Monforte de Lemos; no pudiéndosele imputar a esta parte y no pudiendo formar parte de la liquidación.

En primeiro lugar, debe advertirse que o expediente en curso trae causa do tramitado para a resolución dun contrato administrativo de xestión de servizo público formalizado no seu día, previa intervención do mesmo por parte da Administración. Sabido é que a execución a risco e ventura, se ben se predica de todos os contratos administrativos, adquire especial relevancia nos casos da existencia de concesionarios para a xestión dun servizo público, nos que a normativa enfatiza máis a súa aplicación, tendo en conta a "liberdade" na xestión da que goza o concesionario, co único respecto aos parámetros prestacionais impostos pola Administración.

E precisamente é o propio contratista concesionario o que ten que asumir o risco e Pleno ordinario 29.11.2021



SECRETARIA

ventura do contrato, entendido como que o “negocio”, pode ir mellor ou, polo contrario, peor do esperado, sendo él, con excepcións, o que debe pechar coas posibles perdas ou co feito de non acadar as previsións económicas marcadas nun inicio.

*En canto ao principio de risco e ventura do contratista, o **Tribunal Supremo**, en **Sentencia de 27 de outubro de 2009 (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Cuarta, Recurso 763/2007)**, ten declarado:*

“como señalan las Sentencias de 14 de mayo (RJ 2001, 4478) y 22 de noviembre de 2001 (RJ 2001, 9727), “el riesgo y ventura del contratista ofrecen en el lenguaje jurídico y gramatical la configuración de la expresión riesgo como contingencia o proximidad de un daño y ventura como palabra que expresa que una cosa se expone a la contingencia de que suceda un mal o un bien, de todo lo cual se infiere que es principio general en la contratación administrativa, que el contratista, al contratar con la Administración, asume el riesgo derivado de las contingencias que se definen en la Ley de Contratos del Estado y se basan en la consideración de que la obligación del contratista es una obligación de resultados, contrapuesta a la configuración de la obligación de actividad o medial. Ello implica, que si por circunstancias sobrevenidas se incrementan los beneficios del contratista derivados del contrato de obra sobre aquellos inicialmente calculados, la Administración no podrá reducir el precio, mientras que si las circunstancias sobrevenidas disminuyen, el beneficio calculado o incluso producen pérdidas serán de cuenta del contratista sin que éste pueda exigir un incremento del precio o una indemnización. Sin embargo, la Ley establece que este principio de riesgo y ventura tiene como excepción los supuestos de fuerza mayor, [...] al constituir éstos, según destaca la STS de 15 de marzo de 2005 (RJ 2005, 3194), factores imprevisibles, anormales en el desarrollo propio de la naturaleza de las obras y ajenos a la voluntad y comportamiento del contratista, que inciden negativamente en la ejecución del contrato [...]. De igual modo, resulta necesario recordar la doctrina de la Sala Tercera del Tribunal Supremo sobre la doctrina del riesgo imprevisible de 27 de diciembre de 1990 [...].”

Polo tanto, parece claro que no presente caso, a intervención do servizo debeu traer causa dun defectuoso cumprimento, por parte do concesionario, das súas obrigas contractuais, sustituíndoo no seu papel de xestor do servizo e asumindo asimesmo a xestión económica do mesmo por conta do contratista, de xeito que non debiera correr cos gastos nos que, coa dilixencia dun bo empresario, fose necesario incorrer para garantir a continuidade na prestación do servizo.

Esa dilixencia de un ordeado empresario, actuando de boa fé, sen intereses alleos á viabilidade do negocio, coa suficiente información e dea cordo co procedemento de decisión axeitado é a que debe presidir a actuación do concesionario, pero tamén, a da Administración, no momento no que aquela se sitúa no lugar deste.



Este extremo é o que provoca que, a salvo da verificación dos períodos temporais concretos sinalados no seu escrito, non xexa o concesionario quen deba pechar coa cobertura daqueles gastos que quedarían á marxe dunha actuación dilixente do mesmo na xestión do servizo, máxime cando tales gastos semellan ter sido impostos por decisións da Administración non directamente relacionadas cos termos cos que levar a cabo o mantemento do servizo.

CONCLUSIÓN:

En definitiva, quen suscribe entende que procedería a estimación parcial das alegacións presentadas no sentido de minorar da indemnización inicialmente proposta de 201.113,50 euros, os importes que correspondan coas retribucións aboadas ao persoal adscrito ó servizo e gastos derivados das mesmas durante os períodos nos que a instalación permaneceu pechada, coa salvidade dos correspondentes ao persoal de mantemento que sinala o técnico de deportes no seu informe. Tamén procedería detraer os importes que correspondan a un suposto incremento nun 30 % das retribucións do persoal adscrito ó servizo durante o período no que estivo vixente o expediente de regulación temporal de emprego ao que se refiren os informes obrantes no expediente. “

4º.- Con base no anteriormente exposto e de conformidade co establecido no artigo 111 da Lei 2/2016 de 10 de febreiro e o artigo 285 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro PROPOÑO que o pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente as alegacións presentadas no sentido de minorar da indemnización inicialmente proposta de 201.113,50 €, os importes que correspondan coas retribucións aboadas ao persoal ascrito ó servizo e gastos derivados das mesmas durante os períodos nos que a instalación permaneceu pechada, coa salvidade dos correspondentes ao persoal de mantemento que sinala o técnico de deportes no seu informe. Tamén procedería detraer os importes que correspondan a un suposto incremento nun 30% das retribucións do persoal adscrito ó servizo durante o período no que estivo vixente o expediente de regulación temporal de emprego ao que se refiren os informes obrantes no expediente. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai unhas alegacións de ALACER OCIO Y DEPORTE e que hai unha parte que se debe desestimar.

Intervén D. Ibán Torres dicindo o que se trae a este pleno e a desestimación parcial das alegacións presentadas .Fala dos informes dos técnicos, dicindo que procede a desestimar parcial das alegacións, quedando constatado que a concesionara debe asumir o risco e aventura do contrato. Di que ao Concello lle compete velar pola execución do contrato. O que non pode permitir este equipo de goberno e deixar abandonados aos traballadores.



Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

6º.-APROBACIÓN DA QUINTA ADDENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO SIL O.A, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS. RÚAS SANTA CLARA, A VEIGA, CHANTADA, JUAN MONTES E PADRE FEIJOO.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

En base á comunicación recibida da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con entrada o día 29 de outubro do 2021, con base en:

I. Que en data 20 de setembro de 2017 otorgouse Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de determinar as condicións que rexirán a financiación, posta a disposición dos terreos, execución e o réxime da posterior entrega das obras e instalacións contempladas no proxecto titulado "Proxecto de melloras na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos. Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo".

II. Que en data 29 de decembro de 2017 (BOE núm. 41 de 15 de febreiro de 2018), 2 de decembro do 2019 (BOE número 13, de 15 de xaneiro de 2020) 9 de novembro de 2020 (BOE número 338 de 28 de decembro) e 21 de abril de 2021 (BOE número 103, de 30 de abril) o convenio foi obxecto de catro modificacións polas que se reaxustaron o número e importes das anualidades e prorrogouse a súa vixencia ata o 31 de decembro do 2022.

III. Que conforme ao establecido no apartado primeiro da Cláusula quinta do conveio, as anualidades inicialmente establecidas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que sexa necesario acomodar a financiación á execución das actuacións obxecto do Convenio.

IV.- Que, conforme ao establecido no apartado terceiro da Cláusula segunda do referenciado convenio as posibles modificacións deberán formalizarse mediante a suscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

V. Que conforme ao establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos e, en calquera caso momento antes da finalización do prazo previsto, os firmantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais a súa extinción.

VI. Que en aplicación da lexislación de contratos do sector público, da normativa contable e presupostaria, e atendendo ao estado das actuacións obxecto do convenio, esta Confederación Hidrográfica dispón de novos elementos de xuízo á hora de realizar unha Pleno ordinario 29.11.2021



previsión de anualidades, polo que procede modificar as aportacións económicas, para a boa marcha e execución do Convenio, así como prorrogar a vixencia do Convenio dentro dos límites legais.

Esta modificación efectuarase respectando en todos os seus termos tanto os compromisos de financiación do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas no mesmo.

A tal fin, en vista do manifestado anteriormente, as partes acordan subscribir a presente modificación ao convenio de referencia, con arreglo ás seguintes

PRIMEIRA.- Obxecto da Addenda.

O obxecto desta adenda é modificar os importes das anualidades vixentes sen modificar o importe total da actuación nin os compromisos de financiación establecidos, así como prorrogar a duración do Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil O.A, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de determinar as condicións que rexirán a financiación, poeta a disposición dos terreos, execución e o réxime da posterior entrega das obras e instalacións contempladas no proxecto titulado "Proxecto de melloras na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos. Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo", outorgado en data 20 de setembro de 2017.

SEGUNDA.- Prórroga do convenio.

Acórdase a prórroga do convenio ata o 31 de decembro do 2023. Non obstante, se nesa fecha non finalizaron as actuacións obxecto do mesmo nin se produce a recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme ao establecido na cláusula sétima, os firmantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga dentro dos límites temporais establecidos no artigo 49.h) da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público.

A proposta realizada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, é a seguinte:

a.- Modificación do Anexo I.

Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO –SIL O.A	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	252.132,92 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2021	857.100,00 €	376.570,73 €	110.158,86 €	68.134,26 €
2022	243.577,08 €	106.573,00 €	76.126,57 €	60.877,51 €
	1.400.000,00	500.000,00 €	500.000,00 €	400.000,00 €

Tendo en conta que a primeira columna se corresponde coa execución da actuación ata a
Pleno ordinario 29.11.2021



data.

A presente adenda de modificación resultará eficaz trala publicación no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada Lei.

Polo exposto PROPOÑO, que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

Aprobar a Quinta Adenda ó Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de modificar os importes das anualidades vixentes, sen modificar o importe total da actuación nin os compromisos de financiación establecidos.

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO –SIL O.A	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	CONCELLO DE MONFORTE DE LE MOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	252.132,92 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2021	857.100,00 €	376.570,73 €	110.158,86 €	68.134,26 €
2022	243.577,08 €	106.573,00 €	76.126,57 €	60.877,51 €
	1.400.000,00	500.000,00 €	500.000,00 €	400.000,00 €

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o único que se trata é que a Confederación enviou esta adenda para reanualizar os pagos.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

7º.- MODIFICACIÓN DO SISTEMA DE ACTUACIÓN DA ZONA D DAS NORMAS SUBSIDIARIAS MUNICIPAIS DE PLANEAMENTO.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

“En relación co sistema de actuación da zona D das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento, con base:

1º.- Informe emitido por Monsa Urbanismo SL, con data 18.11.2021, que sinala:
Pleno ordinario 29.11.2021



“1. La Zona “D” fue incorporado al planeamiento general de Monforte de Lemos a través de una Modificación Puntual de las NSP que tuvo aprobación definitiva en fecha 12-04-00. Fue publicada en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo a 26-04-00.

2. Dicha modificación definió un perímetro de Suelo Urbano No Consolidado de 3.274 m2 para uso característico residencial, en vivienda colectiva. La ordenación deberá proporcionar, unha vez ejecutada, 541 m2 de Zonas Verdes y Espacios Libres, y 1.524 m2 de viales.

3. La Modificación Puntual señaló, como sistema de actuación para la ejecución de la zona “D” el de Compensación. Este sistema requiere para iniciarse, que propietarios de suelo tomen la iniciativa y promuevan la transformación urbanística del ámbito.

4. A fecha de hoy, más de 20 años y medio tras las aprobación inicial, no se ha producido dicha iniciativa, así que el planeamiento en vigor de Monforte de Lemos, en el ámbito de la Zona “D”, permanece inejecutado.

5. A la vista de ello, si el Concello pretende que la ordenación de dicho ámbito se ejecute, deberá comenzar por cambiar el sistema de actuación, sustituyendo el de Compensación – sujeto, como se ha expuesto, a la iniciativa de propietarios de suelo-, por el de Cooperación. Bajo este sistema, la iniciativa para la ejecución del planeamiento la tendrá el Concello, aunque las cargas y los beneficios del mismo seguirán perteneciendo a los propietarios de suelo.

6. El Reglamento de la Ley 2/2016, del Suelo de Galicia otorga, en sus artículos 284 y 285, a la Administración la facultad de cambiar el sistema de actuación establecido para un ámbito de desarrollo urbanístico. Únicamente impone, para ello y en su art. 299.3 , la condición de que hayan transcurrido 3 meses desde la aprobación definitiva del planeamiento que constituyó dicho ámbito. El cambio de sistema de actuación seguirá un trámite específico, diferente del de modificación del planeamiento. En el caso que motiva este informe – la zona “D”- resulta evidente que se cumple dicho requisito temporal. El Concello de Monforte se encuentra, pues, habilitado legalmente para realizar el cambio de sistema de actuación de la zona “D”, del actual de Compensación, al de Cooperación.

7. Una vez en vigor el nuevo sistema de actuación, el Concello podrá proceder a ejecutar la ordenación en su ámbito”.

2ª.- Informe do Secretario Xeral con data 18.11.2021 que sinala:

En relación coa Providencia da alcaldía relativa a emisión de informes sobre o sistema de actuación existente, na actualidade, na zona D das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, procede informar:

O artículo 111 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece que:

“Artículo 111. Clases de sistemas de actuación.

1. Los polígonos se desarrollarán por el sistema de actuación que el planeamiento determine en cada caso.

2. Los sistemas de actuación son los siguientes:

Pleno ordinario 29.11.2021



a) Sistemas de actuación directos:

1.º Cooperación.

2.º Expropiación.

b) Sistemas de actuación indirectos:"

3.º. En relación a un posible cambio no sistema de actuación na zona D das Normas Subsidiarias de Planeamento, o artículo 112 do citado corpo legal establece que:

"Elección del sistema de actuación.

1. El municipio elegirá el sistema de actuación aplicable teniendo en cuenta las características y complejidades de la iniciativa a desarrollar, los medios con los que cuente, la colaboración de la iniciativa privada y demás circunstancias que concurran.

2. La determinación del sistema de actuación habrá de incluirse obligatoriamente en el plan general.

La modificación del sistema de actuación podrá ser aprobada por el municipio, de oficio o a instancia de los particulares interesados, previa información pública por plazo de un mes mediante anuncio que se publicará en el Boletín Oficial de la provincia y con notificación individualizada a los propietarios afectados.

En cualquier caso, el sistema de actuación podrá ser modificado en los instrumentos de planeamiento que contengan la ordenación detallada del suelo urbano no consolidado y del suelo urbanizable".

4.º.- O artigo 285 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia establece que:

"Procedimiento de modificación del sistema de actuación ajeno al planeamiento.


1. Además de las facultades atribuidas a los instrumentos de planeamiento que contengan la ordenación detallada para modificar el sistema de actuación, dicha modificación podrá también producirse de oficio o a instancia de los particulares interesados según lo dispuesto en el presente artículo.

2. La solicitud del cambio de sistema de actuación directo a indirecto deberá estar formulada:

a) Si se pretende un sistema de concierto, por el promotor del sistema previa acreditación de la titularidad de la totalidad de la superficie del polígono y de los sistemas generales afectos.

b) Si se pretende un sistema de compensación, por los propietarios que reúnan y acrediten cuando menos la titularidad del 50 % de la superficie del polígono y de los sistemas generales afectos.

El cambio de sistema de actuación indirecto a directo se aplicará en los supuestos indicados en este reglamento y cuando se incumplan los plazos para el cumplimiento de deberes



SECRETARIA

urbanísticos. El cambio de sistema no se materializará si los afectados ofrecen en el período de información pública garantías bastantes de los deberes y trámites de urbanización pendientes y las formalizan conjuntamente en el plazo y términos que acuerde el ayuntamiento.

3. El órgano municipal competente procederá a la aprobación inicial del cambio de sistema de actuación y someterá el expediente a información pública por el plazo de un mes mediante anuncio que se publicará en el Boletín Oficial de la provincia y notificación individualizada a los propietarios afectados.

4. Finalizado el trámite de información pública, el ayuntamiento aprobará definitivamente la modificación del sistema de actuación.”

Por todo o anteriormente exposto, informo FAVORABLEMENTE o cambio de sistema de actuación proposto pola Alcaldía, referido a zona D das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal aprobadas con data 12.04.00.

3º.- Con base no anteriormente exposto, de conformidade co establecido no artigo 111 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, e o artigo 285 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar, inicialmente, o cambio do sistema de actuación da zona D das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento que, na actualidade, é o sistema de compensación e que será, unha vez finalizada a tramitación do procedemento, o sistema de cooperación.

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública, polo prazo dun mes, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Terceiro.- Proceder á notificación individualizada a todos os propietarios afectados.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que tal como se dixo na comisión informativa o que se trata aquí, despois de 21 anos é de aprobar o planeamento desta zona, igual que na zona C, polo sistema de compensación, non tivo efecto, non se fixo. O Concello trae a aprobación do pleno o cambio de modelo para poder desenvolver a aprobación urbanística do sistema de compensación no sistema de cooperación.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que na zona C os dous grandes tenedores dos terreos están en contra deste sistema de cooperación, é o Concello o que toma as rendas e despois lle pasa os cargos aos propietarios, gustaríalle saber un pouco o porqué, para saber o sentido do voto.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que dende o ano 2000 está aprobado, para que o fixeran os veciños, 20 anos despois os veciños non o fixeron, por iso vaise cambiar o sistema. Unha vez que estea rematado este proceso poderá tomar a mesma opción que se fixo na zona C. En relación coa zona C di vostede que os grandes propietarios non están de acordo, di que non se trata diso, por iso se cambia de sistema. En qué non están de acordo, di que a cidade é de todos, o interés público ten que primar por riba do interés particular. O outro acaba de presentar unha



alegación que tería que presentala no ano 2000, agora non se está aprobando planeamento, estase executando. Espera que as obras da zona C se podan començar no mes de xaneiro e no mes de agosto podan estar rematadas.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e seis abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN Á INICIATIVA XABARÍN DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía:

“Exposición de motivos

Plataformas de emisións de contidos audiovisuais como Netflix, HBO, Prime Vídeo ou Movistar ,ou incluso as canles xeralistas con concesións públicas de TV, emiten os seus contidos só en castelán sen nen sequera contaren coa opción dobrada ou lexendada en galego que si ofertan para outras moitas linguas.

Mesmo a canle pública estatal, TVE, tamén financiada con diñeiro galego, só emite na nosa lingua 39 minutos sobre un total de 120 horas diarias.

Até o momento a lexislación xeral audiovisual só establececeu porcentaxes obrigatorios de contidos mínimos e financiamento en castelán, o que limita o acceso a contidos en galego, impide que a infancia, a mocidade e o conxunto do público gocen dunha oferta máis ampla de series e filmes en galego e sitúa en inferioridade de condicións de financiamento ao sector audiovisual galego. Porén, esta situación pode mudar na nova Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

En maio de 2021 o Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade a Iniciativa Popular Xabarín impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas, xa contemplaba algunhas medidas para corrixir esta situación solicitando accións para:

- *Que a nova Lei Xeral do Audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.*
- *Reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.*

Proposta de resolución

Pleno ordinario 29.11.2021



O pleno do Concello de Monforte de Lemos acorda adherirse á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza (PNP-001472) publicada no BOP nº 126, de 21/04/21 e notificarlle este acordo á Secretaria de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que o seu voto é favorable, que hai que lembrar que é o primeiro gran acordo en materia lingüística en máis de 30 anos, tratase de promover a lingua e cada quen que poña a televisión na súa lingua.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

9º.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á CREACIÓN DUN PARQUE CANINO EN MONFORTE.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“1. Que o Goberno Municipal tome as medidas necesarias para a creación dun (ou máis) parques caninos”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura a súa moción. Espera que se aprobe este iniciativa e que se leve a cabo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez sinala que o goberno municipal tome as medidas necesarias para a creación dun ou máis parques caninos, o sinxelo sería un parque canino que non se está pedindo nada excepcional. Gondomar, Mos, Laracha, teñen un parque canino. Gustaríalle recalcar o que dicía vostede esta mañana na radio, porque falaba de que non se traen mocións coherentes nin axeitadas, gustarílle que niso tivese un pouco de respecto, todas as mocións que se traen aquí son consensuadas e porque o din?.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que lle parece grave que diga iso, porque o que dixo foi que non lle parecen que sexan axeitadas.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que a solicitude que presenta non ten sentido. En canto á necesidade, non entenden que sexa prioritaria nin necesaria, o compartirían se fora unha cidade que carecerá de espazos verdes e parques, aos efectos de esparcemento hai máis que suficiente. Entenden que da mesma forma son suficientes para os propietarios das mascotas. Pregunta donde se constrúe este parque? No casco urbano, no extrarradio de Monforte. Sinala que en calquera domicilio dun propietario dunha mascota, o perro ten máis esparcemento nas



SECRETARIA

zonas verdes, En definitiva, que non ten máis percorrido, cren que no seu momento invertir nisto non debería ser unha prioridade, tendo en conta a peculiaridade deste Concello. Lembra aos propietarios que máis que buscar solucións de infraestrutura, estaría máis no comportamento individual de cada un á hora de recoller os excrementos, non descartan levar a cabo unha actuación coma esta.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que se está na folla de ruta nun futuro, xa se avanzou algo, no se fala de prioridades, a cuestión é ter un lugar de esparcemento. Polo tanto a xente que ten estas mascotas unha zona de xogos e esparcemento, non é imprescindible nin prioritario, pero si é necesario. Cando se falan de espazos, evidentemente non se vai poñer no Cardenal, non vai dar unha localización concreta para non crear perxuizos, realmente cando facemos isto, amparase en técnicos que coñecen a materia. Quédase con iso de facelo nun futuro.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez sinalando que o que dixo o sr. Alcalde na radio foi que non son propostas serias. Alégrase que a medio prazo vaiase facer, se se vai avanzando mellor que mellor.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que van votar en contra, porque se se fora a facer de inmediato votarían, a medio prazo non. As veces estas propostas están moi ben, pero hai que dicir onde, na Pinguela e que logo veñan dos do Morín, os de Valle Inclán ao final da rúa Ourense, este tipo de cousas se se miran seriamente hai que dicir onde se prantexa para que den un servizo ao conxunto da cidadanía non a un barrio en concreto. Posiblemente haberá que estudialo máis en detalle.

Sometido o asunto a votación rexeitándose por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

10º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR Ó EQUIPO DE GOBERNO A AXILIZAR A XESTIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias BNG-Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que se adquira por parte do equipo de goberno o compromiso de axilizar a xestión do SAF de Monforte para que nun prazo non superior a seis meses se presten todas as horas dispoñibles e se elimine a lista de espera existente”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura a súa moción. Di que actualmente polos datos que manexan a xestión do SAF é dun 58% cunha lista de espera de 86 persoas, e 4.716 horas asignadas pola Xunta pendentas de prestar, dadas as circunstancias e que hai persoas que teñen concedida pola Xunta a dependencia e
Pleno ordinario 29.11.2021



dado que non se está prestando ese servizo. Consideran que o Concello debe dar unha explicación da xestión.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que esta iniciativa pregunta que servizo de xestión se fai, é un tema complexo, sinalando que vai apoiar este compromiso. Sinala que é algo fundamental que se necesita nos Concellos do interior e saben que ten un coste importante que se faga todo o posible para que se mellore todo o que sexa mellorable.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que están diante dunha moción que recolle unha problemática moi importante da zona, gustaríalle saber a lista de agarda do servizo. So se está pedindo axilizar a xestión do servizo de axuda a domicilio.

Intervén D^a Gloria M^a Prada dicindo que o Concello teñen asignadas a data 23.11.2021 un total de 6.365 mensuales a dependentes o porcentaxe de atención é do 96,48% estando a un 3,52% de acadar o 100% para un Concello como Monforte é unha nimiedad. 2.354 persoas maiores de 80 anos, que representan un 12,62% da poboación e 601 maiores de 90 anos, polo tanto comparar o Concello de Monforte cos Concellos limítrofes é lamentable pola súa parte. O que lle fai pensar que non ten nin idea do que está falando, descoñece o servizo de axuda a domicilio, a lista de espera da que fai mención non existe, das listas de espera non den leccións vostedes, porque son uns verdadeiros expertos, senón vaia ao Hospital ou ao Centro de saúde. Fala do traballo social ao servizo da sociedade e que moitas veces non se recoñece como vostede fai. A lista de espera a asigna a Xunta de Galicia, é actualizada semanalmente pola Xunta, o Concello o que fai é seguir unha orde de prelación, os usuarios de grao III son os que primeiro acceden á lista, e tamén hai moitos usuarios de grao II, o que fan as traballadoras é meterse na aplicación da Xunta é asignar as horas, nin o alcalde nin o equipo de goberno, nin esta concelleira que lles fala, interveñen para nada. Debe recoñecer o seu descoñecemento total dos servizos Sociais. As persoas dependentes con Grao I acceden ao servizo, os do Grao I son atendidos coa primaria, coa libre concurrencia, co diñeiro do Concello e da Deputación, e outra cousa lle di sabe que o 23.06.2021 realizouse unha solicitude de financiación á Consellería de Política Social para realizar un incremento de horas, a data de hoxe sen contestación nin se lles espera. Vostede presione para que concedan estas horas para poder atender a todos coa debida dilixencia e tache de ter unha lista de espera. No ano 2020 este equipo de goberno aportou 301.453,02 euros e a maior parte destes cartos é para atender aos grandes dependentes, porque a Xunta non da resolto, o termo medio de valoración da dependencia é dun ano.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que vai aproveitar para aclarar. Pregunta se o 11.11.2021 presentan un escrito solicitando información, porque esperan ao día do pleno, non contestan nunca a nada., cando se trata destas cousas. Vostede di que teñen un 96,48 % de atención esta dicindo que non hai persoas esperando pola atención? Na Xunta de Galicia non se recibiu ningún tipo de solicitude, fíxese vostede co sinxelo que é contestar a tempo. Di que ela non critica a ningún traballador, nin funcionario, critica aos políticos que dirixen e controlan os



SECRETARIA

servizos da cidade. Di que ela podería rectificar se eses datos son certos, tiveron tempo de contestar e o din agora no pleno, di que van cotexar a información que lles din, van comprobar se solicitaron esas horas que din, sinala que lles constan que vostedes dan uns números que non corresponden coa realidade.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez fala da importancia do servizo na zona deste Concello, porque hai unha poboación con máis maiores. Di que hai moita xente que utiliza estes servizos malamente como se se tratase dun asistente. Di que eles sempre falan do equipo de goberno non dos traballadores. Di que o que piden é maior control e maior vixiancia na medida das súas posibilidades.

Intervén D^a Gloria manifestando que o da lista de espera é un procedemento que se segue todos os mércores a Xunta colga as persoas que teñen que acceder ao servizo de dependentes. Falar da lista de espera hai que coñecelo moi ben, ou é mellor non dicir nada de nada. Di que están en prazo para contestarlles, o que está contestarlle este é un informe da coordinadora, todo o que acaba de dicir ven aquí. A lista varía moito dun día para outro porque se alguén falece, se cambia de avaliación asistencial, se a persoa que pasa á residencia, resulta que tiña unha axuda a domicilio, esas horas quedan expostas para el nun prazo de dous meses, pero a persoa ten dereito a volver á situación anterior, cando se fala disto debe falarse con moita calma. Sinala que todo o que acaba de afirmar é rotundamente certo.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que se a vostedes lles parece un tema tan delicado porque vostedes non o aclararon na comisión informativa, a vostedes lles molesta que a oposición lles pregunta as cousas, que pregunten cantas sancións teñen polo estado do río. Se lles parece un tema tan delicado, vostede chama ou o di, vostedes no fondo non queren iso. Porque non dixo vostede na comisión informativa estes datos para estudialos antes do pleno, non van retirar a moción nin realizar unha rectificación. Non lle vale que veñan agora de santos inocentes, cando non o fixeron no seu momento.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que cre a rigurosidade de vostede D^a Gloria, non hai cor. Di que a lista de espera a xenera a Xunta. Non se pode confundir o papel, nas comisións informativas quén ten que preguntar son vostedes teñen que preguntar, as comisións son para informar e non para debatir e vostede dixo que non quería explicar a iniciativa que se ceñía ao texto. Vostedes xeneran as listas de espera, quén valora os expedientes é a Xunta, pregunte vostedes as traballadoras dos servizos Sociais, van polo libro, non sabe a qué ven isto.

Sometido o asunto a votación rexeitándose por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

11º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR Ó EQUIPO DE GOBERNO A CUBRIR A PRAZA DE CONSERXE NO COLEXIO DE EDUCACIÓN ESPECIAL INFANTA ELENA.



SECRETARIA

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias BNG-Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que o equipo de goberno asuma o compromiso de cubrir a praza de conserxe no Colexio Infanta Elena a maior brevidade posible”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada. Fala de que o Concello si cubre as prazas de conserxe doutros centros de infantil e primaria. Pregunta porque está sen cubrir, lembra que a lexislación administrativa vixente implica a todas as administracións.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando que Esperta Monforte! está no Consello Escolar e lle constan que todos os anos reclaman a incorporación dun conserxe.

Intervén D. Ibán Torres di que ano 2007 a FEMP asinou un convenio, conforme ao acordo fala dos gastos de limpeza así como o mantemento de ensinanza primaria. Como pode ver en ningún caso se recolle no pacto local que o Concello debe crear praza de conserxe nos colexios. A obrigação do Concello na conservación, mantemento e vixilancia dos edificios. Non pode aceptar, porque se está a dicir que se cubra unha praza de conserxe neste colexio. Por tanto, se cumpre o acordado coa Xunta, faise a conservación, mantemento e vixilancia. Faga esta petición de forma inmedidata á Xunta.

Intervén D^a Katherinie Varela dicíndolle a D. Ibán que ten toda a razón, si que é certo ese auxiliar que existen, na Gándara e no Colexio Novo son empregados do Concello, porque vostedes deciden ter dous auxiliares, pero non facelo no Centro de Educación Especial, o convenio asinado recolle os centros de educación especial porque non acceden á petición do centro.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que primeiro deben valorar a súa moción, non se pode dotar un posto de traballo, estase nunha administración reglada. Vostede diga que norma autoriza a apertura dun procedemento administrativo que é inexistente, pide algo que parece que queda ben e lle parece necesario. Vostede o que busca é axilizar, crear prazas, vostede entenda a donde leva. Entende que a moción debe ser desestimada. Di que este Concello non ten conserxes en ningún colexio, ten persoal de mantemento.

Intervén D^a Katherinie Varela pregunta porque hai dous empregados do Concello facendo labores de conserxería porque non o fan na Infanta Elena. Consideran que teñen que asumir ese compromiso a lexislación educativa vixente non exclúe aos Concellos.



SECRETARIA

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que nunca se recibiu esa solicitude que di vostede que chega anualmente. Non se ten constancia da entrada desta solicitude, porque saben que non o teñen que poñelo. Nuns sitios hai obrigación e noutros non. Di que eles fan o que teñen obriga de facer, a limpeza estase a facer cunha empresa. Onde a obrigación é nos centros de primaria, e non son funcionarios son laborais. Vostede lles chama conserxes, o que hai obriga de facer é mantemento deses edificios, non obras, a estrutura é da Xunta.

Sometido o asunto a votación rexeitándose por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez Esperta Monforte!-Grupo Mixto e unha abstención de D. Emilio José Sánchez Iglesias BNG- Grupo Mixto.

12º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PARA INSTALACIÓN SISTEMA WIMAX EN TODO O MUNICIPIO

Non hai ditame ao non estar o propoñente da proposta na comisión, polo que non está dictaminada, coa abstención do resto dos grupos, que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

- “1. Empezar os estudos e traballos previos de cara a implantación de antenas parabólicas nos locais Sociais do municipio para a recepción da tecnoloxía wimax.*
- 2. Iniciar os trámites necesarios para a concesión de subvencións a Red.es y FEDER para dotar o noso municipio da tecnoloxía WIMAX”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción. Di que el non dixo a incorporación dun bedel. Vostede manda aquí, xa o ten claro, e as cousas se fan como di vostede, pero se vostede di que vai dar a palabra por alusións efectivamente o que terá que facer é esperar senón tivera momento para facelo, deixalo que fale, que fale.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que para que podan ter a palabra teñen que ser aludido. Polo tanto se está no debate, aludido é aquela persoa que sen estar no debate é afectado, os que están no debate non, aquí e en calquera lado. E por outro lado, non sabe en que administración sería, o que non entra por rexistro non existe. Non sabe de que documento fala vostede.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que esta iniciativa é unha ferramenta subvencionada pola Xunta de Galicia e pode ser interesante para cubrir o internet naquelas partes do Concello que teñan necesidades. Di que a abstención anterior viña dada porque non teñen claro de quen é a competencia. Manifesta o seu voto a favor dela, independentemente, saben quen ten competencias é a Xunta.

Intervén D^a Katherinie Varela manifesta que eles non ven mal a moción, facer un estudo de valoración se esa tecnoloxía podería ser aplicable en Monforte, cre que non é tan sinxelo, pero poderían apoiala polo tema que se estudie a viabilidade. Por outra banda, o das telecomunicacións quen ten a competencia é o goberno



SECRETARIA

central, outra cousa é que a Xunta axude co tema de subvencións para mellorar a velocidade con internet, é unha obriga de todas as administracións adaptarse. As compañías de telecomunicacións son as que van decidindo onde se van establecer. Valoran o punto 1 da moción, que se faga un estudo da viabilidade. Sinala que non vai ser a panacea pola situación xeográfica da cidade.

Intervén D. Miguel Tomé sinalando que wimax é un sistema de internet para zonas que non hai posibilidade de estender cable. Wimax en todo o municipio non sería preciso, hai a opción de ter conexión por cobre, hai dúas compañías que instalan fibra. A segunda non sendo necesario si é posible conectarse por radio enlace, o propio Concello ten dúas conexións, un deles é o multiusos, xa están moi avanzadas para levar a fibra, alí hai unha rede de fibra a aula Cemit da Xunta a que o Concello non se puido conectar, fala de que agora hai un radio enlace, outro local é a Escola taller, non hai outra opción, aínda non chegou e se necesitaba dotar de servizo de internet. O radio enlace foi a opción de urxencia cando se fixo o cribado da Pinguela. Fala do rural, senón en todas as zonas, pero nunha gran parte xa se pode ter radio enlace.

Tanta defensa do rural de boquilla lle rechina o rural se defenda con feitos. Pide que o Concello instale nos locais Sociais, di que somos operador autorizado para dar sinal de internet, non ve ao Concello de Monforte facendo a incompetencia das empresas. Pide que o Concello lle dea subvencións a . As subvencións deste tipo son para operadores, para Movistar, R. Cable .. etc, pero non para administración públicas. Dicir que a estas alturas do tema do Wimax é un tema antigo, para pedir isto habería que pedir fibra nas aldeas. Di que el se puxo en contacto coas empresas que poñen en contacto coas empresas, e tamén con Amtega, dixeron de onde sacar aos datos que manexa o goberno de España nas aldeas monfortinas, en moitos Concellos da retonda. Contan con 138 zonas brancas nas parroquias, afectará a 635 vivendas, está sen resolver o concurso deste ano e esperan que Monforte aparece aí. Di que hai que apostar e de pedir solicitar fibra.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que sexan ambiciosos e pidan fibra, e para ir adiantando e se algo que o poñer gratuitamente de botar doce meses no pago da cuota, o que quere dicir é que o wimax o pode instalar e non hai que pagar ningunha cuota de inicio. Para 30 locais a 30 euros ao mes. Cando vai chegar a fibra, se a fibra non chega a Monforte, cando chegará a Bao, porque o Concello faga un gasto de 10 ou 12 mil euros anos, por iso van seguir pedindo a rebaixa do IBI. Mentres non chega a fibra o Concello asuman o custe que lle repercutiría instalar en 30 locais este sistema.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que interpreta que se fagan cargo da instalación dunha antena wimax nos locais sociais e demais, pero que se fixera un estudio previo.

Intervén D. Miguel Tomé manifesta que aínda que se interpretara así dotar aos locais, iso si é posible se vostede fala diso, o que non ve é dinamizar os locais por ter internet, os locais se dinamizan polas actividades que se fan, se algunha actividade conleva a necesidade ter sinal de internet se lle vai dotar rapidamente. Di que o día de mañá que o compromiso do goberno do Estado era



ter cuberto o territorio con fibra óptica, descoñece porque Bóveda antes que Monforte, ou Sober o Pantón, é cuestión de pouco tempo.

Sometido o asunto a votación rexeitándose por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

13º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 2.11.2021, 05.11.2021, 15.11.2021 e 22.11.2021).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

14º.-DACIÓN DE CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE 3º TRIMESTRE 2021.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 3º trimestre de 2021, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 4,52 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 3º trimestre de 2021:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.”


15º.- DACIÓN DE CONTA EXECUCIÓN TRIMESTRAL 3º TRIMESTRE 2021.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 3º trimestre de 2021, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

16º.- ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTA DE ESPERTA MONFORTE! Para a continuidade de eliminación de barreiras arquitectónicas, contempla o equipo de goberno a posibilidade de dotar o pavillón da Pinguela dun ascensor.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo en resposta a súa pregunta o plan de accesibilidade que está en execución, asesorado neste caso, antes de facer o proxecto se realizou unha memoria con Cogami. Contempla a instalación de dito ascensor, cando se aprobou o plan de accesibilidade, pegado á escaleira se permite poñer ao ascensor, reformando os baños. E no campo de fútbol da Pinguela tamén se mellorará a accesibilidade, plataforma elevadora oblicua xunto a un das escaleiras principais.



SECRETARIA

ROGO DE ESPERTA MONFORTE! pregamoslle teña a ben iniciar os trámites necesarios para requerirle a empresa ou empresas eléctricas o soterramento do cableado situado nas fachadas de toda a nosa cidade.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que levantar toda a cidade para soterrar isto se fose gratis.

PREGUNTA DO BNG. De ser coñecedor o equipo de goberno (praga de ratas na rúa Irmáns Dapena e na rúa Chantada prego da rotonda do hórreo), desta situación, que medidas están previstas para rematar con esta Praga?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que o que lle din é nun informe do técnico de medio ambiente, que se indican as actuacións de ratificación de rúa Abeledos, Irmáns Dapena, e Corredoira correspondentes ao ano 2021. Incluso o material que utilizan é un raticida é o que utiliza esta empresa. Dito cebo foi colocado en diferentes alcantarillas, o 11.03.2021, 30.04.2021, 30.06.2021 e o 25.11.2021, nesta última revisión di que so un dos cebos foi mordido mentres que os outros permanecen intactos, coincidindo con esta desratificación vostede fixo esta pregunta.

ROGO DO BNG.

-Que o goberno municipal leve a cabo unha campaña de control nos espazos de carga e descarga.

-Que o goberno municipal modifique os horarios, de ser posible, de algún espazo de carga e descarga en cada zona de Monforte, coa fin de conciliar horarios, para paliar os problemas antes descritos.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que é pouco popular sancionador, pero ten razón, vaise trasladar á Policía Local este rogo. Dicirlle que ás veces xa se trouxo aquí algunha iniciativa en relación coas sancións dos estacionamentos en carga e descarga, sendo iso verdade, o que non parece razoable agora vostede, despois de aprobar unha ordenanza, para controlar ás persoas que non cumpren. Di que el escoitou a algúns que o que se quería era recaudar, será todo o contrario, coas cámaras se recaudará menos a xente non entrará, o que se quere se é zona peatonal, e as zonas peonís di claramente a ordenanza que os vehículos que teñan necesidade de facelo o teñen que solicitar ao Concello ese permiso de entrada cun informe da policía local.

Remata a sesión sendo as vintetres horas e once minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

SECRETARIA